

Testamento
do
Burro do Quiso

Laza, 11 de Fevereiro de 1.997

Laza, 11 de febreiro de 1997

Veñan homes e mulleres
solteiros, casados e viudos,
devorciados e arrimados,
e si hai algúns cornudos
que se anden con coidado
que eiquí as casas son baixas
e poden romar no tellado.

Que veñan pra acá tamén
as rapazas e os rapaciños
que se acheguen pra onda mín
pro que estean caladiños.

Que non me falte ninguén
nin as mozas nin os mozos,
nin tampouco os piliqueiros
pra que me toquen os chocos.

Co permiso da comisión,
do cura e do Axuntamento
hoxe que é martes de Entroido,
veño ler o Testamento.

Se me meto con alguén
que non lle pareza mal,
pois eiquí a mais ofendida
resulta ser miña nai,
que sendo tan recatada
sainlle eu tan animal.

Foi o burro do Quilo
o que marchou pró buraco,
que quede ben repartido
deixoume encargado o Paco.

Uns din que morreu afogado
outros din que do calor,
e outros que foi o Paquiño
que o atropellou co tractor.

Fora como fose o conto
tuvéronche bó disgusto,
quen o atopou foi o Mario
que aínda non se recuperou do susto.

Entrou berrando na casa:
"Venite presto al curralini,
no sé lo que tiene el burri
que ha estirado la patini".

Como o burro morreu de noite
e foi todo tan aprisa
decía a Chon toda apenada:
"nin lle pudemos ter unha misa".

Quen tamén o sentíu moito
foi o José Manuel,
aínda se acorda das veces
que anduvo a cabalo dél.

"Ningún burro me levou
como ó lombo il me levava,
e ningún me couceou
como il me couceaba".

Entón díxolle o Paquiño:
"pois xa que o burro morreu,
se non tes quen te coucee
se queres coucéote eu".

¡Cánto te vou extrañar!
Laiaba o Manolo Tabú,
alivio para as miñas pernas
e descanso do meu cú!

Mais listos foron o Tito e a Ana,
pra que non se soubera en Laza
querían meter no coche
e levalo pra Vilaza.

Dixome o Quilo e a muller:
"testamenteiro por Dios!
Mira que a familia é grande,
repárteo en condiciós.

Pro antes de empezar o reparto
e saber se algo lambedes,
vouvos contar compañeiros
as trastadas que facedes.

Falando o outro día cun vello
acerca do Ceo e do Inferno,
pregunteille ¿existe Dios?
Porque demos hai no goberno.

Andannos metendo medo
con trapalladas e bolas,
hai que tere coidadiño
con eso das vacas tolas.

"Era o que nos faltaba,
dixo a Carme do Bragas,
agora tamén as vacas
que se poñan coma cabras".

¡Bueno carallo bueno
veñen agora con ese jaleo
si xa o dixo fai unhos anos
o Cardito do Correo!

Oímolo todos ben claro
saíu na televisión,
"como lo de la vaca loca"
teño ou non teño razón?

Cuando se enterou o Rubes
non vos quero nin contar,
como ten prai oito vacas
dixo:"ténoas que velar".

Botou tres noites seguidas
non se aguantaba o barullo
correndo detrás das vacas
a bourazos co estadullo.

Preguntouille o Miro Coella
¿Porqué lle das á mala fé?
"Pra ver se están coma cabras,
e en vez de múuu fan méee".

As vacas pónense tolas,
a xente morre de fame,
arrásannos tódolos montes
e hannos chupa-la sangre.

¿Vós tedes ollos na cara?
¿Vós vistes a Requeixada?
¿Vós vistes como a deixaron?
¿E vós non ides facer nada?.

Pois eu si,
fillos de puta, cobardes,
asasinios, traidores,
que por catro pesetiñas
que lle dan unhos señores,
acaban cos animais
coas plantas e coas flores.
Pero non vos dades conta
que entre ises catro mamós
estannos queimando a vida,
e están acabando con nós?.

Os arbres que plantaron
coas maus os nosos avós
son agora mutilados,
abrasados sin razóns.
E pregunteille aquí vello
¿de verdá existe Dios?

Cambiouche ben o mundo
e digo eu ¡qué lle queres!
Antes mandaban os homes
e agora mandan as mulleres.

Aquí na nosa vila
tamén se notou o cambio,
fixeron unha agrupación
e enseguida colleron o mando.

Polo que foi non o sei
pro terían as súas razóns
os homes levan a fama
i elas poñen os collós.

Puxéronse maus á obra
pra face-lo Santo Cristo,
e en dous días escasos
xa o tiñan todo listo.

E non pararon ahí,
collérono con tal afán
que se meteron tamén
á do Patrono San Xoán.

Elas organizan de todo
música, teatro e deporte
a verdade compañeiros,
hasta nos tiña que dar corte.

Si elas levan os pantalós
que o Santo Cristo me valga,
xa vexo a tódolos homes
lucindo unha minifalda.

Non se falaría doutra cousa
estariache divertido,
ver por exemplo ó Mireco
facendo de travestido.

¡Home!, non é pra comparar
porque il é mais ben pequeno,
pro podédelo imaxinar
igualiño que a Veneno.

Todos queren a peseta
eu non sei que terá eso,
pois entón ¡hala carallo!
todos ó cambio de sexo.

As mulleres son o demo
cuando salen da Novena,
quedan baixo os corredores
en vez de ir face-la cena.

Como eu vivo onda Igrexa
quedábame sempre mirando
e dicíame a min mesmo
¿Eló que andarán marmurando?.

Nin do cura nin de Dios,
nin de San Xoán ni de San Poubano
falan da Rocío Jurado
e dun tal Ortega Cano.

Pero nos últimos meses
o tema de conversación,
como andan con eso da linea
falaban do pavellón.

¿E logo chachas?
Decía unha na reunión,
non sabes que por fin
abriron o pavellón?.

"E dicen que está moi ben
que hasta ten sala de pesas,
eso a nós henos moi bó
pra pór mais duras as tetas".

"Hai non, non
eu o que quero e porme flaca,
que as tetas por desgracia
xa as teño coma unha vaca".

"O teu problema querida
xa o dice o meu marido,
é que tés un cú tan grande
coma praza do Tempaído".

"Millor ter que desexar
polo menos con iste cucuíño
boto un peido na Picota
e escóitase en Souteliño".

"E tú non fales moito
que de cú tamén estás ben,
pro eu xa teño oído
que parece o túnel do tren".

"Hai eso parecería
pro ti ha que non sabías,
que polo meu pasa o Ave
e polo teu o mercancías".

"Boeno, non discutades
saltou outra da xuntanza,
pior o ten esta coitada
se non fixaivos que panza".

"Oes tú esquerosa,
quén che deu vela neste entierro?
O que a min me sobra en panza
fáltache a ti en salero".

"Pero agora que me fixo,
agarda ahí un momentíño,
qué é eso que che colga
por debaixo do fuciño?".

"Hai raio, Dios me perdone
que mal ando de visión,
pero qué ven os meus ollos?
O veche do meu castrón".

"Huiii, que mal me cheira
aínda faltan os adornos,
pois nunca vin compañeira
ningún castrón sin os cornos".

Tal como é vos conto
case sempre fan o mesmo
empezar, emezan ben
pero acaban discutindo.

Vos non vos acordaredes
i eu non me acordo tampouco,
seica no tempo da fame
andaba todo dios louco.

Contan que nises anos
veu un cura pra esta vila,
e quedou acojonado
non viu cousa parecida.

Era tanta tanta a fame
que se pasou eiquí en Laza
que no Viacrucis, os feligreses
rezábanlle desta traza.

Dicía o cura: "Capítulo uno,
e contestaba toda a xente
"queremos un pincho moruno"
"Capítulo dos,
pasamos mais fame que Dios,
capítulo terceiro
un zanco de polo casero.
Capítulo cuarto,
de comer nunca me farto.
Capítulo cinco,
trae chourizos que os trinco.
Capítulo seis,
María llorando queda,
non sei que dixo o cura
das galletas Fontaneda.
Capítulo siete,
unha carne do xarrete.
Capítulo oito,
como nos gusta o bizcocho.
Capítulo nueve,
que San Bandullo me leve.
Capítulo dez,
un cabritiño de Trez.
Capítulo décimo primeiro,
quén nos dera un pijureiro.
Capítulo décimo segundo,
bocadillos pra todo o mundo.
Capítulo décimo terceiro,
ou se non un xamón enteiro.
Capítulo décimo cuarto,
comer non comeremos
pro de capítulos imos fartos.

Díxome o outro día a Emilia,
téñoche bó delito,
ando todo o día a rabo
do pito do meu Benito.

Non hai quen faga bó dil
pra que deixe de fumar
eu escóndolle o tabaco
pero il fúmache igual.

Méteseme no water
e veña lume que lume,
e dispois pra que non cheire
gasta un bote de perfume.

Vaia por Dios, malpocado
a inocencia o que é,
en vez de tiralos no water
tirábaos no bidé.

E preguntoulle a Emilia:
¿Benito que é aquilo?
Hai a mín non me preguntes
a ver se che foi o Lelo.

Oféndesme, dixo o Benito
co pito encendido na orella,
tú sabes que eu nunca fumei
non me seas chanca vella.

O Celso do Bragas
iba na moto ca Lola,
e por andar facendo a mona
casi se nos esfola.

"Mira Lolita, sin unha mau
mira, sin a outra,
mira sin os peciños,
mira rompín os fuciños".

O Celso quedou por riba
e a Lola por abaixo,
sale dehi animal
que me reventas o refaixo.

Ehí vai entón en anacos
iste fermoso animal
i empezo pola familia
como é o mais normal.

I é o Alfonso Quilo
o familiar mais achegado
e ha de levar pero pouco
porque din que é algo agarrado.

Os clavos das ferraduras
ahí che van de regalo
non retorzas o fuciño
que non é un cacho tan malo.

Os ósos vainos levar
o Eduardo Morenita
que faga un caldo de burro
senón o quere de pita.

Rematei cos familiares
e agora vou cos veciños
ehí vai o morro do burro
i é pra o Delfín do Olliños

Pregunteille ¿veuche a muller?
Contestoume, non tiña ganas
o que quere este lambón
é brincar cas americanas.

Pra poderes vir ó Entroido
argucias que mete medo,
pra non ir a traballar
meteu un martelazo nun dedo.

Seica a muller lle puxo
por condición pra vir eiquí
que cada tres cuartos de hora
a ten que chamar a Madrí.

Ponse no alto da Picota
mirai se será besta,
a berrar ¡Paula, Pauliñal
Pois non está, que non contesta.

No recanto do Raveda
dicen que algo pasa
que desaparecen as cousas
como por arte de maxia.

Ou esto é cousa de bruxas
ou se non é do demonio,
ou é que anda solta a seña
do Ramón do Juan Antonio.

Outra cousa non se explica,
non pensedes que é mentira,
pois a ver logo onde están
as bragas da tía Ramira.

Colgada nunha videira
tiña a roupa a secar
pro alí xa non estaba
cando a foi a buscar.

Eu anduven preguntando
e dixéronme no Outeiro,
nin foi bruxa nin demonio
foi o burro do Canteiro.

Entre il llo Antonio Jaravasio
empezaron a conversar,
e o burro que tiña fame
púxose a merendar.

¡Arnejado sea o Demo
solta burro que te mato!
Pois a lí estaban as calzas
como roídas dun rato.

¡Carallo!, dixo o Antonio
esto non pode ser,
colle as bragas Canteiro
que as temos que esconder.

Nun burato da parede
da parede da palleira,
estaban metidas as bragas
da tía Ramira Lixeira.

E o Antonio Jaravasio
que é moi listo e moi pillo,
dixolle ó Ricardo Canteiro
lévaias tú non bolsillo.

Eso non, dixo o Canteiro
non me seas animal
se mas encontra a muller
faime dormir no curral.

Foron listos, compañeiros
~~pra que non lle caíra o pelo~~
marcharon comprar unhas novas
onda tienda da Consuelo.

Non os vou deixar sen nada,
ó Antonio e ó Canteiro
pra que amarren ben ó burro
eille vai o cabeceiro.

+++

Ó Marcos do Benito Amado
ó Chema de Cima de Vila
e ó José Manuel do Carraxete,
por ser os magos de Oriente
doulle o lombo do burro
pra que leven os xoguetes.

Sonche bós polos os tres
ben enganaron á xente,
sempre os demos por veciños
e son reis en Oriente.

I eiquí no pobo de Laza
hasta agora polo que eu sei
o único da realeza
é o Pedro do Rei.

Que ben fixeron o conto
tiñano ben calado
pois o Marcos do Benito
contábamolo en Santiago,
e resulta compañeiros
que é Baltasar, o Mago.

O mesmo conto pasou
tamén co José Manuel,
pois facíamolo todos
de sargento no cuartel.

Porque ó ir á Cerdeiriña
e preguntar na casa por ñ
logo che decía a Bel:
"está de Guardia Civil".

I ehí o tedes, carallo
de Gaspar coa capa de armiño
e Gaspar que nos sepamos
sólo hai ún en Souteliño.
E do Chema de Cima de Vila
que podemos contar del,
non lle chega ser Rei Mago
sinón tamén Papá Noel.

Iste si que nos fodeu
contábamoslle sólo unhos prados
e vai ter catro palacios
de ouro e prata forrados.

No pavellón ós tres Magos
ó velos perplexo me quedo
pois peor foi os meniños
que seica escapaban co medo.

"En el análisis de orina
realizado al señor Fofito,
se observa que en vez de meo
echa fuego por el pito".

"Por lo tanto opinamos
con plena seguridad,
que el aguardiente ingerida
contenía aguarrás".

"Después de más de dos horas
en la camilla tumbado,
el alcohol le hizo efecto
y deliraba el condenado".

"¡Susos! Vaille decir ó Sixto
que me traiga unha servesa,
que pra outra xa estou listo".

"Le pusimos un calmante
pero no le hizo nada,
y se dice que una enfermera
quedó del paciente preñada".

"Esperaremos que nazca el niño
para dar un veredicto,
si tiene la nariz muy grande
entonces es del Fofito".

"A las nueve de la tarde
abandona el Hospital,
firma el certificado
el que atendió este animal".

Os ollos pra Souteliño
e vainos levar a Helena
pra que se fixe millor
e non lle pase outra faena.

Foi co Ñuco ó Invernadeiro
hai que velo pa creelo,
mentras vían o paisaxe
entroulle no coche un cadelo.

Ainda non pasou nada
pro que lle puido pasar,
querían montar no coche
pro non os deixou montar.

A Helena por entrar
¡que San Antonio me valga!
azapurrou o can nela
e esjazoulle a minifalda.

Xa conocemos ó Ñuco
ben sabemos que é un treta,
mentras íl se ría dela
o can mordeulle a muleta.

E díxolle a Helena cabreada:
"deixa que te has de fartar,
eille dicir á Isolina
que me quixeche violar"

E non vou deixar sin nada
ó noso representante do clero
doulle a albarda do burro
pró cura Don Luis Romero.

Un home nacido en Laza
sencillo e con pinta fagueira,
pro seica decindo a misa
e pior ca tía Ardeira.

Quen non están moi contentos
son os de Souteliño
que xa o teñen bautizado
chámanlle "o rapidiño".

Como pica un pouco lonxe
e o cura fala tan aprisa,
cando chegan os de Souteliño
xa se está acabando a misa.

E claro había a costumbre
de botar alí unha hora,
as beatas non se acostumbran
a nun cuarto estar xa fora.

As mulleres o que queren
só é rezar e rezar,
agarraron unhas cantas
e fóronlle protestar.

Seica o cura se enfadou
e paréceme normal
eló qué carallo queren,
que fale coma o Carrascal?.

Pros de Camba e prós de Toro
o Pereiro e Cerdedelo,
como alí fai moito frío
que se tapen ben co pelo.

Pros do Santo, Alberguería,
o Navallo e Correchoso,
voulle dar as ferraduras
anque lle pareza pouco.
Se hai por ahí quen llas leve
pra que non patinen na neve,
que seica o pasaron moi mal
cando foi do temporal.

Din que salíu no periódico
non sei se será verdá
que nos pueblos da montaña
medrou a natalidá.

Si que mandou carallo
foivos cousa impresionante
a cantidá de mulleres
ca barriga cara adiante.

Claro, non saían da casa
con tanta neve que había
estaban metidas na cama
pola noite e polo día.

E mandáronlle o helicóptero
ise do arroz SOS
pero non se deron conta
de mandarlle unhos condós.

E díxome o farmacéutico
pois estás equivocado,
levar levaron dez caixas
pero dos do capuchón furado.

As angarillas do burro
doullas ó Romaneiro,
pra que traiga o equipaxe
cando volva do Cruceiro.

Vexo algunhas caras raras
non vaiades a pensar
que foron il e a Milucha
on cruceiro polo mar.

Non, non,
por se hai algunha duda
o cruceiro que eu digo
é o que está na Rúa.

Anda de obras na casa
e tocoulle a lotería,
marchou vivir pró Regueiro
aínda que él non quería.

Agora está acostumbrado
pero pasouno moi mal
pois viña dormir á Picota
prondas vacas no curral.

Os de Protección Civil
levan algo do animal
pra que se apreten con il
eilles vai o ramal.

A verdade compañeiros
quedamos acojonados
entrar entran valeiros
pro salen emparexados.

A Eva co Chorrño,
o Moncho ca María de Cerdedelo,
a María José co andaluz
e a Sole co Rivero.

Xa o dixó o Calchano
e ten razón si señor,
esto mesmo parece
Lo que necesitas es Amor.

Falta ise cacho do burro
ise que todos sabedes,
que lle gusta a algunhos homes
e a tódalas mulleres.

Unhos chámanlle o pito
vaia forma de o chamar,
pois por moito que lle sopen
eu nunca cho vin pitar.

Outros chámanlle o nabo
non lle vexo parecido
ou vistes algún cocido?.

Outros chámanlle o glande
pro debe ser no Xapón,
porque eiquí somos mais brutos
e chamámoslle o furón.

Tamén hai algún por ahí
que o pobre ten bó pecado,
e deulle en chamar o CESID
porque non o da encontrado.

Hai outros que son mais locos
que lle chaman o penete
pro son os que están deseando
que polo cú se lle espete.

Sea pito ou piranjallo
sea pirola ou nabo,
non llo podo dar a naide
que xa o teño reservado.

Estaredes preguntando
e logo, pra quen vai ser?,
este ano é obrigado
que llo dé a miña muller.

Que contenta se vai pór
non vos quero nin contar
ha de arrebinicar nil
e haio de escalazar.

Parece que a estou vendo
tan contenta e feliz,
e decindo "esto é un lareiro
e non a túa lombriz".

Para o Toño Chourizo
tíñalle algo gardado
pro vouno deixar sin nada
que penso que está arreglado.

Tiña fama de tranquilo
por terras de Souteliño,
pero mándache carallo
mátaias ó caladiño.

Cando chegou de Suiza
apareceu cunha morena,
e dicen en Souteliño
que é esa tal Macarena.

¡Arnejado sea o demo!
Vaise meter nun bó lio
pois creo que levan dous meses
buscando nela os Del Río.

O Chatiña que é o demo
pra rizar mais o rizo
cántalle a da Macarena
pra meterse co Chourizo.

*"Vai con ollo, vai con ollo Chouriciño
cando vaias pra Suiza a traballar
non te olvides de levar á moreniña
si non voucha levantar, ¡Ahhhhh!"*

E contéstalle o Toño:
*"ben te fodes, ben te fodes, ben te fodes
vas quedar á velas vir Pepe Chatiño
tú confórmate ca túa e vas que chourizo
porque a Macarena é miña ¡Ahhhhh!"*

Prós que olvidan o galego
por vivir na capital,
doulle a lingua con gusto
diste precioso animal.

Ou que leven os miolos
que pro caso é a mesma historia,
que lle han de vir moi ben
pra recupera-la memoria.

Esto é cousa de meigas
senón que me leve o demo,
pois veñen eiquí decindo
“se me esqueció el galego”.

“Lo meu es la capital,
los coches y los toristas
y aquí la circulación
son las vacas y las pitas”.

“Aquí las alparajatas
siempre cheas de bullero
y tropezas con los porcos,
que andan fozando en el rego”.

“De pisar en las bosteras
traíjo sucios los zapatos,
y non podes dormir ben
porque miañan los jatos”.

“Cando vas al armario
a poñer los pantalones
te aparecen cun burato
roído de los ratones.
Y si non te das de conta
se te salen los cojones”.

“Como no hai cuarto de baño
tienes que ir por forza,
o bien cagar al curral
o si no vas a la horta”.

“Lo pior inda no es eso
pra que veas que verguenza,
hai que limpiarse el cú
cunas pallas o una berza”.

“Como no hai moita luz
tienes que ter coidado,
porque si agarras un tojo
te pone el cú colorado”.

“La mor parte de las veces
alguno te anda a jipiar,
y tes que salir corriendo
y con el cú sin limpar”.

“Se vas cuna rapaza
pa trás duna rascalleira,
te vienen los cas a cheirar
y a morderte la cueira”.

“Cuando estás en lo mellor
repican nel campanario,
y la moza sae correndo
por conta de ir al Rosario;
y te tés que vestir
poís deixote a velas vir.

“Y que no te coja el pai
que te da unos estacazos,
que quedas un mes na cama
tollido de pies e brazos”.

Entón pra éstos que veñen
con ise falar tan fino,
doulle unha couce no cú
do burro do Paco Quilo.

Xa vai morrendo o Entroido
pro sólo por iste ano,
que morrer non morre nunca
porque o Entroido eiquí é sagrado.

Sempre habrá algún vello
sentado o carón do lume
contando contos do Entroido
mentras o netiño durme.

Sempre andarán na mamoria
os que foron entroideiros,
o Sarreaus o Alfredito,
o Faquico ou os Leros.

Sempre haberá unha cantiga,
unha lata ou un fachón,
pra que alume de ano en ano
a chama do folión.

Sempre estará agardando
en Cima de Vila "a Morena",
que sexa xa Lús de Entroido
ca súa cariña de pena.

Tapada co cobertor
coller pola pista abaixo,
levantarlle a falda ás mozas
ata vérselle o refaixo.

Sempre haberá no Lastredo
un fermoso formigueiro,
que espera baixar ó Entroido
co Limia e mais co Ferreiro.

~~Sempre haberá un meniño,~~
un meniño revoltreiro
que diga con moito orgullo
¡Eu quero ser peliqueiro!.

E sempre nos queda esa voz
que vive no Ceo da praza
e que berra canda nós
¡¡VIVA O ENTROIDO DE LAZA!!

PARA OS MEUS ~~BOIS~~ AMIGOS

